


A continuación infórmase dos acordos da reunión ordinaria do Consello de Goberno, que tivo lugar o 23 de xaneiro de 2015 na Sala de Xuntas da Reitoría, e que poden ser do seu interese:

- * Aprobación da acta correspondente á sesión ordinaria do 19 de decembro de 2014.
- * Aprobación da proposta do Departamento de Economía Aplicada da concesión do grao de “Doutor Honoris Causa” ao profesor Michael W. Hanemann.
- * Aprobación da proposta dos premios extraordinarios de fin de carreira, grao e doutoramento.
- * Aprobación da convocatoria de concesión de anos sabáticos para o curso 2015/2016 e os criterios de puntuación.
- * Aprobación da Normativa de dedicación do profesorado e de recoñecemento en POD de actividades do PDI para o curso 2015/16.
- * Aprobación dos criterios de elaboración da programación docente anual para o curso 2015/16.
- * Acórdase a inadmisión a trámite do recurso de alzada presentado por don Germán Reza Miranda, contra a inadmisión a trámite da súa solicitude de avaliación curricular pola Xunta de Centro da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte.
- * Aprobación da Normativa de xestión de recursos liberados dispoñibles nos proxectos do programa Horizonte 2020.
- * Aprobación da adhesión da Universidade de Vigo ao consello de universidades da Fundación Triptolemos para o Desenvolvemento Agroalimentario.
- * Aprobación dos seguintes convenios: Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *University of Myongji (Corea)* – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *University of Myongji (Corea)* – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Vasile Alecsandri University of Bacau (Romania)* – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Vasile Alecsandri University of Bacau (Romania)* – Convenio de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad del País Vasco/Euskal Herriko Unibertsitatea*.

Vigo, 23 de xaneiro de 2015
A secretaria xeral



**SRES./AS. DECANOS/AS E DIRECTORES/AS
COMUNIDADE UNIVERSITARIA**